


ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

A pegada das Américas



CASA DA LINDA OU DE SECUNDINO

Localización

Coordenadas 41.947098, -8.775050

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Goián

Lugar: Avenida Ordóñez

Cronoloxía: 1907

Construtor: Faustino Álvarez

Promotor: Secundino Troncoso

Propiedade: privada

Uso actual: deshabitada??

Estado de conservación: regular. Reformado

Comentario e descripción

Vivenda unifamiliar de planta rectangular con tellado a catro augas. Está dividida en dúas plantas. Presenta o formato típico de tres vans por altura dispostos simetricamente. Na planta superior estes toman a forma de balcóns grazas a reixería de ferro forxado e na baixa a porta principal está flanqueada por ventás. Toda a construción está realizada en cantería e resálтанse as partes más nobres: zócalo, beiril, remates laterais en forma de pilastras e cercados dos ocos, en relevo.

Os arcos cos que rematan os vans son de tipo escarzado con clave central resaltada. No caso da clave do balcón central, esta leva tallada as iniciais do promotor: Secundino Troncoso, emigrado a Brasil. Esta casa sufriu intervencións posteriores, como o engadido lateral dun módulo composto por unha galería na parte alta e un pórtico na baixa ao que se accede dende a rúa por unha porta de entrada que presenta, tamén, as iniciais do promotor.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: GOI-06

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA